



### XUNTA DE GALICIA

#### SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

O Concello de Xove solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.91188

As obras solicitadas consisten no acondicionamento e pavimentación de varias estradas municipais nos núcleos de Xove, A Barxa, Aldea de Arriba e de Abaixo, San Cristovo, Sumoas e as Poceiras, que inclúen a realización de varios peches, con afección á zona de policía de varios regos innominados e dos regos de Lago e Guilán e á zona de policía e servidume do rego de Esparaños e dun rego innominado, en varios lugares, nas parroquias de Xove, Lago, Portocelo e Sumoas, no concello de Xove (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Xove ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 24 de xullo de 2023.- A xefa do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica da Mariña de Lugo, Rocío Carreira Carral.

R. 2471

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### *Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 19/07/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de maio do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 12/09/2023. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordó co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordó co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 26 de xullo de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2472

---

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

Faise público que por Resolución de Alcaldía de data 27 de xullo de 2023, foron delegadas as funcións de Alcaldía-Presidencia, por ausencia do termo municipal de Castroverde, na Primeira Tenente de Alcalde, dona María del Pilar Ferreiro Villar, dende o día 1 ao 10 de agosto de 2023, ambos os dous inclusive.

Castroverde, 27 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2473

---

### *Anuncio*

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, en relación co artigo 5 da Lei19/2013, de Transparencia, Acceso á información Pública e Bo Goberno, publícase o presente anuncio aos efectos de dar publicidade á inscrición nos Rexistros de Intereses das declaracións de bens e dereitos, así como das causas de posible incompatibilidade, dos membros da Corporación 2023-2027 do Concello de Castroverde que tomaron posesión do seu cargo despois das Eleccións Municipais de 28 de maio de 2023.

Estos Rexistros teñen carácter público e poden consultarse na Secretaría Municipal. As declaracións de bens e incompatibilidades de cada concelleiro/a, cumprimentadas en formato papel.

Castroverde, 27 de xullo de 2023.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2474

---

## O CORGO

### *Anuncio*

Polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 21 de xullo de 2023, prestouse aprobación ao expediente de modificación do orzamento con número 4/2023, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, por un importe total de TRES CENTOS SETENTA E OITO MIL EUROS (378.000,00 €), terceiro de competencia do Pleno.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao alcalde-presidente do Concello.

O Corgo, 26 de xullo de 2023.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2475

**GUITIRIZ***Anuncio***Nomeamento administrativa como funcionaria de carreira. Expte. 449/2022**

Unha vez rematado o proceso selectivo, mediante resolución de alcaldía nº 2023-0669 de data 26/07/2023 nomeouse funcionaria de carreira do Concello de Guitiriz a seguinte persoa para ocupar unha praza de administrativo/a, pertencente ao Grupo C1, Escala Administración Xeral, Subescala Administrativa:

Nome e apelidos	DNI
Eva Maria Carro Sanchez	***2493**

O que se fai público para os efectos do artigo 62 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro e do artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Guitiriz, 26 xullo de 2023.- A Alcaldesa, en funcións, Paula Campo Barral.

R. 2476

*Anuncio***Aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria por suplemento de crédito 2-2023. Expte. 666/2023**

Aprobado inicialmente polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 27 de Xullo de 2023 o expediente de modificación orzamentaria consistente en suplemento de crédito 2-2023 por un importe total de 338.090,41 € en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público, durante un prazo de quince días hábiles, na Secretaría Xeral do Concello, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán dirixirse á Sra. Alcaldesa - Presidenta deste Concello.

Guitiriz, 28 xullo de 2023.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2486

**NAVIA DE SUARNA***Anuncio*

Formada e rendida a Conta Xeral desta Entidade Local, correspondiente ao exercicio 2022, e informada pola Comisión Especial de Contas con data de 26 de xullo 2023; de conformidade e aos efectos previstos no art.212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ao público, xunto cos seus xustificantes, na Secretaría do Concello, polo prazo de quince días, a fin de que durante o mesmo poida ser examinada e formularse, no seu caso, as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes.

Navia de Suarna, 27 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2477

**NEGUEIRA DE MUÑIZ***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 09.06.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de maio de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 338,70 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 169,94 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 9 de xuño de 2023.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2478

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 17.07.2023, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de xuño de 2023 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 338,70 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 149,51 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 24 de xullo de 2023.- A Alcaldesa Sustituta, Raquel Díaz Barcia.

R. 2479

## RÁBADE

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **5 de xullo** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de xuño de 2023**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 5 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 2480

## O SAVIÑO

### *Anuncio*

**RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE TRIBUNAL AVALIADOR E CONVOCATORIA PARA BAREMACION DE MÉRITOS NOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE O SAVIÑO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE EDUCADOR/A FAMILIAR, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL E TRABALLADOR/A SOCIAL, INCLUIDAS NA OFERTA EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACION 2022 (Expte. 533/2022).**

O Alcalde do Concello de O Saviño, mediante Decreto número 2023-0238, do 27.07.2023, resolveu:

**PRIMEIRO.** Nomear ao seguinte Tribunal cualificador do proceso selectivo para as prazas de educador/a familiar, axente de emprego e desenvolvemento local e traballador/a social:

- Presidente/a: Dona María del Carmen Limia Fernández, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora de Nogueira de Ramuín.

- Secretario/a: Dona María Begoña Quintas Fernández, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora de Cenlle.

- Vogais:

Dona Alexandra Seara Sobrino, Xerente Consorcio Ribeira Sacra.

Dona María Luisa González Maceda, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, funcionaria do concello da Pobra de Brollón.

Dona Beatriz Vivirido Quevedo, Orientadora Laboral, persoal laboral fixo do Concello de Sober.

Suplentes.

- Presidente/a: Dona Montserrat Casas Cabido, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora de Vilar de Santos.

- Secretaria/a: Dona María Dolores Villar Alvarez, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Secretaria-Interventora do concello de Cartelle.

-Vogais:

Dona Ana de la Torre Alvaredo, traballadora social, laboral fixo do concello de Sober.

Dona María Pardo Quintana, funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional. Adxunta Intervención do concello de Ames.

Dona Montserrat Nóvoa Fernández, traballadora social, laboral fixo do concello de Nogueira de Ramuín.

**SEGUNDO.** Fixar a constitución do Tribunal para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de educador/a familiar o día 23 de agosto de 2023, ás 9:00 horas, na Casa do Concello, Praza de España 1, O Saviñao.

**TERCEIRO.** Fixar a constitución do Tribunal para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de axente de emprego e desenvolvemento local o día 23 de agosto de 2023, ás 11:00 horas na Casa do Concello, Praza de España 1, O Saviñao.

**CUARTO.** Fixar a constitución do Tribunal para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de traballador/a social o día 23 de xullo de 2023, ás 12:30 horas na Casa do Concello, Praza de España 1, O Saviñao.

**QUINTO.** Publicar esta Resolución no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios e sede electrónica do concello, a efectos de xeral coñecemento.

O Saviñao, 27 de xullo de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2481

## TRABADA

### *Anuncio*

#### **Resolución de Alcaldía**

#### **Asunto: Delegación de funcións da Sra. Alcaldesa no segundo tenente de alcalde.**

Visto que a Sra. Alcaldesa do Concello de Trabada estará de vacacións dende o próximo día 3 de agosto de 2023 ata o día 13 de agosto de 2023, ambos incluídos;

Visto que as funcións propias da Alcaldía non van poder ser desempeñadas durante ese período de tempo ( do 3 de agosto ó 13 de agosto ) pola Sra. Alcaldesa;

Visto que a 1º Tenente de Alcalde, Dona Julia María Barcia Fernández, non está dispoñible por razóns persoais durante o devandito período e polo tanto non pode desempeñar, previa delegación, as funcións inherentes ó cargo de Alcaldesa do Concello de Trabada;

Visto que o 2º Tenente de Alcalde, Don Rubén García Freije, está dispoñible durante o devandito período e polo tanto pode desempeñar, previa delegación, as funcións inherentes ó cargo de Alcaldesa do Concello de Trabada

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Delegar as funcións da Alcaldía dende o día 3 de agosto de 2023 ata o día 13 de agosto de 2023 ( ambos incluídos ), no segundo tenente de Alcalde, Don Rubén García Freije.

**SEGUNDO.-** Notificar a presente resolución de alcaldía á primeira tenente de Alcalde Dona Julia María Barcia Fernández ós efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente resolución de alcaldía ó segundo tenente de Alcalde Don Rubén García Freije ós efectos de aceptar a citada delegación.

**CUARTO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo ós efectos oportunos.

**QUINTO.-** Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión ordinaria que celebre.

Trabada, 27 de xullo de 2023.- O asina a Sra. Alcaldesa, Mayra García Bermúdez, ante o Sr. Secretario, Iván Ponte Mahía.

R. 2482

## O VALADOURO

### Anuncio

#### DECRETO DE ALCALDÍA

#### CREACIÓN DE ÁREAS DE GOBERNO E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA A PROL DOS CONCELEIROS.

Considerando a celebración das eleccións municipais na data 28 de maio de 2023 e despois de proceder o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación

Local, en virtude dos poderes que me atribúen os artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 46.1 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto. 2568/1986, do 28 de novembro.

Considerando que esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas competencias sempre e cando non se encontren dentro dos supostos previstos no artigo 21.3 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local , e no uso das atribucións

conferidas no art. 61.3 da Lei Reguladora da Administración Local de Galicia 5/1997, de 22 de xullo.

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO:** Efectuar a favor dos membros que a continuación se relacionan una delegación xeral de atribución de xestión e proposta de resolución e sinatura dos asuntos das súas respectivas áreas de actuación e respecto dos campos de actuación que, a título enunciativo, se recollen a continuación:

#### Concelleira: D<sup>a</sup> María Xosé Barreira Goás

#### Área de Servizos Sociais, Benestar, Igualdade, Muller e Xuventude. Dinamización e participación cidadá. Formación, emprego e vivenda

- Área de Servizos sociais, programa Xantar na casa, Servizo de axuda no fogar, Dependencia, promoción da autonomía, equipamentos e recursos, mocidade, infancia e maiores, muller, promoción e cooperación social, e análogos
- Área de Dinamización e Participación Cidadá: Relacións coas Asociacións de Veciños, coas Entidades Asociativas do Concello. Protección Civil.
- Área de Formación, Emprego e Vivenda

#### Concelleiro: D. Alejandro Fernández Reigosa

#### Área de Medio Ambiente, Servizos Municipais. Turismo, Comercio, Industria, Enerxía

- Área de Servizos Municipais e Medio Ambiente: Xestión da Brigada de obras e servizos, vías e obras, reparacións, mantemento, conservación e limpeza, alumeadado público, acceso a núcleos rurais e urbanos, rede natura e análogas

Obras de competencia propia ata un importe de 10.000€ e aprobación dos seus proxectos, subministros e equipamentos precisos para a xestión da Concellería Delegada

- Área de Turismo, Comercio, industria e Enerxía: (Xestión do Patrimonio, roteiros, promoción turística, innovación, sustentabilidade, desenvolvemento local, equipamento, instalacións enerxéticas e análogas.

#### Concelleiro D. Eduardo Chao González

#### Área de Cultura, Normalización Lingüística e Medio Rural

- Área de Cultura e Normalización Lingüística: Fomento e promoción cultural, promoción do Patrimonio cultural, Festas populares e Feiras e Mercados .
- Área de Medio Rural: Atención e promoción do Medio rural, Xestión Brigadas Incendios, pistas forestais, relación coas industrias forestais, xestión de biomasa, relacións coas Mancomunidades Veciñais de Montes en man común e análogas

#### Concelleiro: D. Eliseo Teijeiro Orol

#### Área de Educación, Deporte, Conciliación e Obras

- Área de Educación, Deporte e Conciliación: Xestión das instalacións deportivas, fomento e promoción do deporte, escolas deportivas, piscina e análogos. Centros educativos, escola infantil, axudas ao transporte, xestión de conciliación: madrugadores, actividades extraescolares e análogas.
- Área de Obras: Propostas e xestión de obras e o seus proxectos dende o importe de 10.000€ aos limiares do contrato menor e propostas de obras e os seus proxectos dende os limiares do contrato menor ata o importe de 100.000 € e supervisión das mesmas.

**Alcaldía:**

A Alcaldía conservará as seguintes competencias:

- Xestión e Promoción do mercado de primavera
- Servizos administrativos, limpeza de rúas do casco urbano, recollida de lixo e arranxos da traída de augas

**SEGUNDO:** Ás áreas de goberno asignaráselles o persoal necesario para o seu correcto funcionamento; sendo compartido cando podan desenvolver máis dun cometido, previa comunicación e acordo e en función das urxencias e necesidades. Isto aplicarase a todo o conxunto do persoal dependente do Concello. (Oficinas, persoal de S.A.F., servizos sociais, limpeza, persoal de obras, persoal de servizos)

**TERCEIRO:** De conformidade co disposto no artigo 44 de Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD2568/1986, de 28 de novembro, estas delegacións terán efecto dende o día seguinte á súa firma e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación da Alcaldía.

**CUARTO:** No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou impedimento dos Concelleiros Delegados, a Alcaldía asumirá directa e automaticamente as competencias delegadas, sen necesidade dunha nova Resolución.

**QUINTO:** Entender notificados da presente resolución aos nomeados, que se aceptará tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, e así mesmo na sede electrónica deste Concello.

O Valadouro, 20 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, María José Fernández Díaz.

R. 2483

---

*Anuncio*

**DECRETO DE ALCALDÍA DO NOMEAMENTO DAS TENENCIAS DE ALCALDÍA**

Considerando a celebración das eleccións municipais na data 28 de maio de 2023 e despois de proceder o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local, en virtude dos poderes que me atribúen os artigos 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, regulador das bases do réxime local e 46.1 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto. 2568/1986, do 28 de novembro.

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Designar as seguintes Tenencias de Alcaldía do Concello de O Valadouro aos seguintes Concelleiros/-as:

Primeira Tenencia de Alcaldía: D <sup>a</sup> María Xosé Barreira Goás (PSdeG-PSOE)
---

Segunda Tenencia de Alcaldía: D. Eduardo Chao González (BNG)
--

Aos/As Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles substituír á Alcaldesa na totalidade das súas funcións e segundo orde de nomeamento, nos casos de ausencia, impedimento, enfermidade ou vacante.

**SEGUNDO.** Entender notificados da presente resolución aos nomeados/-as, que se aceptará tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, e así mesmo na

sede electrónica deste Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da ser asinada polo Alcalde.

**TERCEIRO.** Dar conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

O Valadouro, 20 de xullo de 2023.- A Alcaldesa: M<sup>a</sup> José Fernández Díaz.

R. 2484

---

*Anuncio*

**PROPOSTA DE ALCALDÍA DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTOS E COMPETENCIAS.**

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedendo na data 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local, en virtude do disposto nos artigos 20.1.b) e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 35.2 e 52 do Regulamento do Organización,

Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

**PROPOÑO:**

**PRIMEIRO:** Crear a Xunta de Goberno Local do Concello de o Valadouro, que estará integrada polo Alcalde e os tenentes de alcalde.

**SEGUNDO.** Conforme ao establecido no parágrafo anterior nomear membros da Xunta de Goberno Local xunto coa Alcaldesa, aos seguintes Concelleiros/-as, Tenentes de Alcalde do Concello

Primeira Tenente de Alcalde: D <sup>a</sup> María Xosé Barreira Goás
--

Segundo/Tenente de Alcalde: D. Eduardo Chao González
--

**TERCEIRO.** Establecer as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que terán lugar quincenalmente os xoves ás 13.30 no Salón de Sesións do Concello cando a celebración da sesión coincida cunha data festiva, poderá variarse por acordo entre os seus membros

Tamén por acordo dos seus membros poderanse suspender as sesións correspondentes ao mes de agosto, cando isto non menoscabe a xestión dos intereses municipais

**CUARTO.**

1 Corresponde á A Xunta de Goberno local, ademais da asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas competencias, as seguintes competencias do alcalde

ART. 21 Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

Art. 21.1 f	O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer gastos dentro dos límites da súa competencia ou delegadas, con exclusión dos contemplados no artigo 177.5 do TRLHL sempre que estean previstos no orzamento e o seu importe supere os 10.000 € ata o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento, agás para as operacións de crédito que corresponderá cando o importe acumulado das operacións vivas en calquera momento non supere o 15 por cento dos ingresos actuais liquidados no ano anterior, encargar pagamentos e render contas.
Art. 21.1 j	Aprobacións dos instrumentos de planificación para o desenvolvemento da planificación xeral non atribuída expresamente ao Pleno, así como dos instrumentos de xestión urbana e os proxectos de urbanización.
Art. 21.1 k	O exercicio de accións xudiciais e administrativas e defensa do Concello en materias da súa competencia, mesmo cando sexan delegadas noutro órgano e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste caso dando conta ao mesmo na primeira sesión para a ratificación.
Art. 21.1.p	A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, estean previstas no orzamento e a salvo das competencias delegadas.

2. Propoñer a delegación das seguintes competencias do Pleno:

Todas as recollidas como delegables no artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
---

Ás competencias delegadas no quedarán revogadas polo mero feito de producirse cambios na Alcaldía o na Xunta de Goberno Local, sendo necesario para a súa revogación ou modificación da delegación acordo que sexa adoptado coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

**QUINTO.** Este acordo considérase xa, notificación aos membros da Xunta de Goberno Local, e considerarase aceptado tácitamente, salvo manifestación expresa; remitíndose esta Resolución no *Boletín Oficial da Provincia* para a publicación no mesmo, e tamén na sede electrónica do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte de ser asinado pola alcaldesa.

O Valadouro, 20 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, María José Fernández Díaz.



**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente número: **A/27/24099**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas.

Peticionaria: Victoria Legaspi Rodríguez

Nombre del río o corriente: Río Boullón

Caudal solicitado: 1,75 l/seg.

Punto de emplazamiento: O Mazo.

Término Municipal y Provincia: As Nogais (Lugo)

Destino: Accionamiento de molino harinero para conservación del patrimonio etnográfico.

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS:**

Antiguo azud construido en piedra en el que se instalará un dispositivo de franqueo de peces, mediante rampa de piedras. Canal de derivación y conducción de aguas a cámara de carga del molino. Devolución del agua al cauce por aliviaderos.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de As Nogais**, o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 10 de julio de 2023.- EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 2419